



C O N C E L L O

DE

**M E I S**

( PONTEVEDRA )

R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. -3602800 - 1  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

*Ordenanza reguladora da taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados, así como a carrexas de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir*

#### **Artigo 1.º. Natureza e fundamento**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por servizos de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrexas de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.**

#### **Artigo 2.º. Feito impositible**

Constitúen o feito impositible da Taxa a prestación dos servizos de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrexas de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

#### **Artigo 3.º. Suxeitos pasivos**

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

#### **Artigo 4.º. Responsables**

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5.º. Cota tributaria**



C O N C E L L O  
DE  
**M E I S**  
( PONTEVEDRA )

R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. 3602800 - I  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### **Artigo 6º. Beneficios fiscais**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### **Artigo 7º. Percepción**

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

Percebese a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Percebese a taxa e nace a obriga de contribuir o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza a alta no padrón, caso no que a percepción se producirá a partir dese mesmo mes.

#### **Artigo 8º. Liquidación**

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

- Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, existíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.



C O N C E L L O  
DE  
**M E I S**  
(PONTEVEDRA)

R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. - 3602800 - 1  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

**Artigo 9º. Ingreso**

O pagamento desta taxa realizarase:

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

**Artigo 10º. Infraccións e sancións**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

**Artigo 11º. Normas de xestión**

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servicios que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o tipo de servicio e o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.

- Unha vez autorizada a prestación do servicio entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servicios non periódicos.



R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. - 3602800 - 1  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

C O N C E L L O  
DE  
**M E I S**  
(PONTEVEDRA)

- Cando remate a necesidade do servizo periódico, por cambio de propietario, etc., os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

### ANEXO

#### Primeiro. Tarifa.

Para aplicación da ordenanza reguladora da taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados, así como a carrega de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir

#### CONCEPTO

Por servizo de mercado

#### POSTOS FIXOS

\* Postos fixos, en locais pechados,  
con utilización permanente.

24.000

#### PESETAS/ANO

\* Postos fixos, en locais pechados,  
con utilización discontínua.

18.000

\* Postos fixos, en paradas adosadas



C O N C E L L O  
DE  
**M E I S**  
(PONTEVEDRA)

R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. - 3602800 - 1  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

ós muros do recinto pechado, con utilización permanente. 15.000

\* Postos fixos, en paradas adosadas ós muros do recinto pechado, con utilización discontinua. 12.000

\* Postos fixos, en bancadas exteriores. 3.000

\* Posto por día en bancadas: 200 ptas.

\* Ocupación temporal de postos para venda directa de peixe ou produtos do campo. Por posto e día a trintaava parte da tarifa anual fixada para a clase de posto ocupado.

\* Se o posto fose traspasado, conforme o artigo 11 b) do Regulamento do Mercado, o adjudicatario deberá aboa-lo importe dunha anualidade dos prezos públicos sinalados no apartado anterior.

### **Segundo. Normas de xestión.**

1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As concesións de postos fixos outorgaranse pola Comisión de Goberno Municipal por medio de subasta que se celebrará segundo o establecido na normativa legal aplicable á Administración Local. As persoas ou entidades interesadas na concesión de postos fixos regulamentados neste acordo deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realiza-lo depósito previo ó que se refire o artigo seguinte.

3.- As autorizacións de uso e disfrute de postos eventuais dispoñibles, outorgaranse a pedimento da parte interesada, pola Comisión de Goberno Municipal ou polo Sr. Alcalde.

4.- As persoas interesadas en ocuparen postos por día, solicitarano do Encargado do Mercado, que sinalará o lugar e efectuará o cobramento do prezo no mesmo intre da ocupación.

5.- O Encargado do Mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio relación de tódolos obrigados ó pagamento por instalacións fixas, indicando a súa numeración, destino e cota sinalada, para que a Intervención poida computalas cos antecedentes das súas respectivas oficinas. Remitirá así mesmo, relación de altas e baixas ocorridas.

### **Terceiro. FORMAS DE UTILIZACION.**

\* Postos fixos, en locais pechados, con utilización permanente.

\* Postos fixos, en locais pechados, con utilización discontinua.

\* Postos fixos, en paradas adosadas ós muros do recinto pechado, con utilización



R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. 3602800-1  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

C O N C E L L O  
DE  
**M E I S**  
(PONTEVEDRA)

permanente.

\* Postos fixos, en paradas adosadas ós muros do recinto pechado, con utilización discontinua.

\* Postos fixos, en bancadas exteriores.

\* Postos por día, en bancadas.

#### **Cuarto. OBRIGA DE PAGAMENTO.**

1.- A obriga de pagamento do prezo público regulamentado por utilización de postos fixos nace:

a) Autorizacións temporais e primeiras solicitudes de concesión: No mesmo intre de solicitatalas.

b) Concesións xa autorizadas: O día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa ou, no seu caso, o período que determine a Alcaldía.

2.- O pagamento do prezo realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde o estableza o Sr. Alcalde, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia. Este ingreso terá carácter de depósito previo de acordo co disposto no artigo 47.1. da Lei 31/1988, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concedérselle a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa prorrogados unha vez incluídos na relación de usuarios, nos períodos que sinala o epígrafe da tarifa ou, no seu caso, os que determine a Alcaldía.

#### **Quinto. CADUCIDADE.**

As autorizacións temporais e concesións de uso e disfrute de calquera natureza consideraránse caducadas, declarándose dispoñibles as instalacións en calquera dos casos seguintes:

a) Renuncia expresa e por escrito do seu titular.

b) Falecemento do seu titular, salvo o disposto no apartado a) do artigo 11 do Regulamento.

c) Transcurso do tempo polo que foi outorgada.

d) Por infracción moi grave, conforme ó preceptuado no artigo 18 do Regulamento.

e) Por mor do incumprimento por parte dos concesionarios das obrigacións de orde sanitaria e das que sinala o texto desta ordenanza e demais disposicións aplicables.

f) Por falta de pagamento de calquera dos dereitos ó Concello por mor da industria que se exerza na instalación, ou polo retraso en verificalo por espacio de tempo superior a un ano.

g) Cando transcorran máis dun ano en proceder á posta en marcha do comercio para o que foi adxudicado unha instalación ou se suspenda o seu exercicio polo mesmo período de tempo.

h) Polo incumprimento de calquera outra obrigación acordada ou que se acorden no sucesivo.



O O N C E L L O

DE

**M E I S**

( P O N T E V E D R A )

R. E. L. N.º 01360280  
C. I. F. N.º P. -3602800 - I  
C. Postal 36637  
Teléfono (986) 71 20 01  
Telefax (986) 71 53 00

Tanto cando se trate de declara-la caducidade dunha instalación como cando se pretenda deixala sen efecto, será previo acordo da Comisión de Goberno dando conta ó Pleno.

Os adxudicatarios que sexan desposuídos dos seus dereitos polos motivos arriba non terán dereito a ningunha indemnización.

O encargado de Mercado cando se dean circunstancias que orixinen a caducidade das concesións comunicarao, tan pronto como as advirta, á Alcaldía e á Intervención.

#### **Sexto. TRANSFERENCIA.**

- a) Por sucesión hereditaria entre pais e fillos e entre cónxuxes.
- b) Por actos "inter vivos", no suposto do artigo 11 b) do Regulamento.

En ámbolos dous casos con actualización do canon mensual e demais dereitos que se fixan no Anexo.

#### **Sétimo. Data de aprobación.**

**Esta ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 13 de outubro de 1998.**